



FERVENZAS DO RÍO VERDUGO


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 20 km (circular)
A pé: 2 km

Dificultade: media

Duración: 2 horas




Unha ruta, no concello da Lama, para coñecer varias fervezas no río Verdugo que baixa entre as serras do Cando e o Suído formando un estreito val rodeado de fermosas carballeiras nun entorno de gran beleza. Pódese facer un percorrido circular (aproximadamente 20 km) volvendo pola aba da serra do Cando ata A Lama. Podemos aproveitar para ver o magnífico carballo do Pelete e completar a ruta cunha camiñada de 3 km (lineais) seguindo a pista da minicentral pola beira do río.

1- Abelaído

En Abelaído (Seixido-A Lama) o río encáixase nunha revolta entre varios saíntes rochosos onde forma varios saltos.

COMO CHEGAR: na estrada da Lama a Seixido, pasado Antas, un cruce á esquerda, indicado, leva a Abelaído. Ao chegar a unha bifurcación déixase o coche á beira dun penedo, desde onde se ven as fervezas. Para chegar a elas báixase un pouco pola pista e, xusto onde remata a última construción á esquerda, atópase, á dereita, un carreiro pouco visible, pero transitado, moi pendente no arranque, que leva ao pé das fervezas.



2- Fírveda

No lugar da Fírveda, na Parroquia de Seixido (A Lama). O río ten unha caída de case 15 metros de altura nun entorno natural de gran beleza rodeado de bosques de ribeira.

COMO CHEGAR:

Volvendo á estrada da Lama a Seixido, na estrada do lugar, cóllese á esquerda, o desvío ao Pelete e séguese ata o lugar da Fírveda. Nunha eira, a carón dunha fonte, baixa un carreiro cara uns muíños arruñados que chega á fervenza.

